



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

**I.E.S. 12 DE OUTUBRO**  
Av. de Santiago, 2  
32001 Ourense  
Teléfono: 988788211  
ies.12.outubro@edu.xunta.es



FONDO SOCIAL EUROPEO  
"El FSE invierte en tu futuro"

# **PLAN DE IGUALDADE DE CENTRO**

---

## **IES 12 DE OUTUBRO**



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

**I.E.S. 12 DE OUTUBRO**

Av. de Santiago, 2

32001 Ourense

Teléfono: 988788211

ies.12.outubro@edu.xunta.es



FONDO SOCIAL EUROPEO  
"El FSE invierte en tu futuro"

## **ÍNDICE DE CONTIDOS**

### **1. INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN**

### **2. MARCO LEXISLATIVO. BASES LEGAIS**

### **3. CONTEXTO DO CENTRO**

### **4. OBXECTIVOS**

#### **4. 1. OBXECTIVOS XERAIS**

#### **4. 2. OBXECTIVOS ESPECIFICOS**

##### **4. 2. 1. DO ALUMNADO**

##### **4. 2. 2. DO PROFERORADO4**

##### **. 2. 3. DAS FAMILIAS**

### **5. MEDIDAS DE ACTUACIÓN**

#### **5. 1. ACTIVIDADES DE DIAGNÓSTICO**

#### **5. 2. ADOPCIÓN DE MEDIDAS**

##### **5. 2. 1. MEDIDAS ORGANIZATIVAS DE CENTRO**

##### **5. 2. 2. MEDIDAS DE CONCIENCIACIÓN**

#### **5.3 ACTIVIDADES PARA A IGUALDADE**

### **6. METODOLOXÍA**

### **7. TEMPORALIZACIÓN**

### **8. CRITERIOS E MECANISMOS DE AVALIACIÓN**

### **9. RECURSOS**

### **10. ANEXOS**



## **1. INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN**

A lexislación comunitaria en materia de igualdade de xénero constitúe a base fundamental da política de igualdade de oportunidades en Europa.

Na mesma liña, a Constitución Española promulga que somos iguais ante a lei, e aínda que desde hai anos a normativa vixente ampara a igualdade entre mulleres e homes e a non discriminación por razón de orientación afectivo-sexual e identidade de xénero, esta non se reflicte en todos os ámbitos sociais, e, polo tanto, tampouco na escola.

Aplicar o Plan de Igualdade nun centro educativo é unha tarefa complexa que abrangue moitos ámbitos e aspectos distintos. Pero o obxectivo fundamental que debemos marcarnos é mover ao conxunto da comunidade educativa a reflexionar sobre os prexuízos nos que todos e todas fomos enculturadas e que nos seguen transmitindo toda a nosa contorna, a familia, os medios de comunicación, etc. Estes prexuízos sexistas e LGBTifóbicos (é dicir, o rexeitamento que sofre o conxunto do colectivo de persoas lesbianas, gays, bisexuais, transexuais, transxénero e intersexuais); así como outros aspectos de discriminación (non só no referente ao xénero) como son a relixión, raza, orientación sexual, idade ou discapacidade; constitúen a base de condutas discriminatorias que poden culminar en situacións de violencia de xénero, acoso escolar homofóbico e delitos de odio. Por tanto é fundamental deseñar actividades que consigan que tanto o profesorado, como o alumnado e as familias se expoñan a devanditos prexuízos, adquiren un maior coñecemento e concienciación sobre a igualdade de xénero e respecten a diversidade afectivo-sexual, a diversidade familiar e as diversas identidades de xénero, crenzas relixiosas, diversidade intelectual, etc... que modifiquen as súas condutas, e así fomentar a participación, e o exercicio da cidadanía como instrumentos imprescindibles para o libre e digno desenvolvemento humano.

Entendemos a igualdade primeiramente como unha cuestión fundamental de RESPECTO entre as persoas, así como unha relación de equivalencia, no sentido de que todas as persoas teñen o mesmo valor, e, precisamente por iso, son iguais. A defensa da igualdade de dereitos entre homes e mulleres parte do principio de que as mulleres, como cidadás, deben ser libres coma os homes á hora de decidir e exercer papeis sociais e políticos. Tanto no caso de ser mulleres, homes, nenos, adultos, católicos, protestantes, homosexual, heterosexual, ter unha alta capacidade intelectual ou unha diversidade funcional...

Considérase, por tanto, que ofrecer igualdade na educación dos dous sexos ou calquera outra condición que poida dar lugar a actos discriminatorios debe ser necesaria para que as potencialidades individuais de cada persoa poidan estimularse e desenvolverse. Pero non é igualitario, nin por tanto xusto, tratar do mesmo modo a quen son diferentes, nin obviar as diferenzas aplicando modelos. Con todo, ter o mesmo valor non implica que



teñan a mesma identidade nin que sexan uniformes; a igualdade admite diferenzas, pero non desigualdades.

A igualdade garante o respecto aos dereitos fundamentais de todos e todas e contribúe a unha sociedade máis xusta, tendo o sistema educativo un papel moi importante no asentamento deste principio dende os primeiros niveis de escolarización ata as etapas de ESO, FP ou Bacharelato que son as que nos abranguen no noso centro educativo.

No proxecto educativo de centro contemplaranse medidas para promover a igualdade xa que os proxectos educativos deben potenciar a igualdade de oportunidades entre nenos e nenas, entre os e as adolescentes, sexa cal sexa a súa condición. A finalidade destes proxectos é educar en igualdade, erradicar estereotipos e discriminacións por razóns de sexo, de identidade de xénero ou de orientación afectivo-sexual ... e previr as súas consecuencias.

Para evitar a reprodución de estereotipos sexistas na invisibilidade das mulleres e do colectivo LGBTI, na presunción de heterosexualidade na comunidade educativa, na discriminación por razóns de identidade de xénero ou orientación afectivo-sexual, na orientación profesional segregadora, nas diferenzas no uso de espazos, tempos e palabras, na normalización das agresións dos máis fortes contra as e os máis débiles, xustificadas nos estereotipos sexistas e homofóbico, na prevalencia do masculino nos libros de texto e materiais curriculares e na presunción de familia nuclear heterosexual, faise necesaria a aplicación de medidas individuais e colectivas encamiñadas a promover a igualdade de oportunidades, e, por tanto, asentar as bases para conseguir un **centro coeducativo, libre de discriminación e respectuoso con TODAS as diversidades, no que todos e todas as estudantes teñan o mesmo dereito a unha educación de calidade nun ambiente escolar seguro.**

Estas medidas serán canalizadas pola coordinadora do Plan de Igualdade, á que tamén lle corresponde:

- Velar pola igualdade entre homes e mulleres no centro educativo.
- Promover o libre desenvolvemento da personalidade de cada persoa.
- Impulsar medidas educativas que fomenten a igualdade real entre homes e mulleres.
- Promover e impulsar medidas educativas que fomenten o RESPETO pola igualdade.
- Dinamizar que se favoreza a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.
- Ademais do tratamento da igualdade no tocante ao xénero, tamén se tratará no referente ao ACNEAE, diferentes relixións, razas...



## 2. MARCO LEGISLATIVO. BASES LEGAIS

A lexislación actual en todos os niveis, europeo, estatal e galego, constitúe a base da política de igualdade e diversidade que debemos establecer nos centros educativos de Galicia para garantir o pleno desenvolvemento de todas e cada unha das persoas que fan parte da comunidade educativa.

En primeiro termo, a **Constitución española de 1978** ditamina que todos os cidadáns e cidadás do estado español son iguais ante a lei. Do mesmo xeito, tamén proclama a protección da dignidade das persoas, dos seus dereitos inviolables e do libre desenvolvemento da súa personalidade. No seu artigo 27 expresa que “a educación terá por obxecto o pleno desenvolvemento da personalidade humana no respecto aos principios democráticos de convivencia e aos dereitos e liberdades fundamentais”.

A **lei orgánica 8/2013, de 3 maio, de Educación** contempla en varios apartados o tema da igualdade entre homes e mulleres. Vexamos a continuación algúns deles:

Non seu preámbulo establece que só un sistema educativo de calidade, inclusivo, integrador e esixente, garante a igualdade de oportunidades e fai efectiva a posibilidade de que cada alumno ou alumna desenvolva ao máximo as súas potencialidades.

O artigo 1 establece que o sistema educativo debe favorecer o desenvolvemento na escola dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero.

No artigo 17.d “Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade”. Este é un dos obxectivos que se pretenden en Ed. Primaria.

Outro obxectivo, neste caso para a Educación Secundaria Obrigatoria, atópase contemplado no Artigo 23. c “Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres”.

No Artigo 33.c Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas con discapacidade. Este artigo pertence aos obxectivos de bacharelato.



Nos obxectivos da formación profesional podemos atopar o seguinte artigo: artigo 40.e \*.+. “Fomentar a igualdade efectiva de oportunidades entre homes e mulleres para acceder a unha formación que permita todo tipo de oportunidades profesionais e o exercicio das mesmas”.

No Artigo 66.3.g contémplase “Prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais. Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, así como analizar e valorar criticamente as desigualdades entre eles”.

No Artigo 78. Normas de organización, funcionamento e convivencia: “Aqueles condutas que atenten contra a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa, que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no xénero, na orientación ou identidade sexual, ou unha orixe racial, étnica, relixiosa, de crenzas ou de discapacidade, ou que se realicen contra o alumnado máis vulnerable polas súas características persoais, sociais ou educativas terán a cualificación de falta moi grave e levarán asociada como medida correctora a expulsión, temporal ou definitiva, do centro”.

No Artigo 84.3 “En ningún caso haberá discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social”

No Capítulo III, sección primeira, o Consello Escolar, podemos atopar os seguintes artigos relacionados con este tema:

Artigo 126.2 “Unha vez constituído o Consello Escolar do centro este designará unha persoa que impulse medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres”.

No Artigo 127.g “Promover medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro, a igualdade entre homes e mulleres e a resolución pacífica de conflitos entre todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social”.

O noso Plan de Igualdade, polo cal nos rexemos para elaboralo, parte do ***I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia (2016-2020)*** así como tamén do ***VII Plan Estratéxico para a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres (2017- 2020)***.



A lexislación xeral que temos en conta para a súa elaboración (ademáis da citada anteriormente) é a seguinte:

- LOE 2/2006 (artigos 1 e 2)
- Lei 3/2007 (artigos 23 e 24)
- Decreto 2/2015 (artigos 17 e 18)
- Lei Galega 11/2007 de tratamento integral da violencia de xénero (Cap. III)
- Lei 2/2014 de igualdade de trato e non discriminación (Cap. V)
- Decreto 105/2014 e Decreto 86/2015 fixan obxectivo igualdade nos distintos niveis educativos.
- **Instrucción do 6 de Setembro de 2019 para a elaboración de Plans de Igualdade no curso 2019/2020.**

Así como o coñecemento do **"Protocolo de Igualdade"** e o uso de espazo web de igualdade facilitados por Educonvives.gal

### **3. CONTEXTO DO CENTRO**

No que respecta á situación socioeconómica do alumnado do noso centro cómpre suliñar que, a nivel xeral, segundo a súa procedencia os alumnos/as da ESO, son naturais do barrio da Ponte, barrio eminentemente obreiro, e pertencen a familias cun nivel socioeconómico medio. Ademais disto hai que destacar a presenza de algún alumnado inmigrante procedente principalmente de Hispanoamérica. En canto ao alumnado de Bacharelato, Formación Profesional e FP Básica de peiteado, non só contamos con rapaces que viven preto do centro senón que hai moitos que proceden de concellos limítrofes.

Contamos no centro con ACNEAE de ahí a importancia de incluír tamén dentro deste Plan de Igualdade, intervencións relacionadas coa situación actual de dito alumnado no centro. O noso centro conta coa súa propia web : <http://www.12outubro.gal/> ; así como a súa propia aula virtual: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ies12outubro/aulavirtual/> a través da cal se está traballando a diario.

### **4. OBXECTIVOS**

#### **4.1. OBXECTIVOS XERAIS**

- Descubrir nas experiencias diarias, escolares, extraescolares e en todo o ámbito da vida social e cultural, presente e pasada, a igualdade de posibilidades e a



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

**I.E.S. 12 DE OUTUBRO**

Av. de Santiago, 2  
32001 Ourense  
Teléfono: 988788211  
ies.12.outubro@edu.xunta.es



FONDO SOCIAL EUROPEO  
"El FSE invierte en tu futuro"

equivalencia de achegas dos homes e mulleres e resto de colectivos.

- Aceptar, respectar e valorar as características das outras persoas sen deixarse influír por ningún tipo de actitude discriminatoria en relación co sexo, coa orientación sexual coa identidade de xénero, aspectos intelectuais ou de acceso á aprendizaxe.
- Participar de forma igualitaria, construtiva e solidaria na realización de xogos, actividades grupais, situacións de comunicación e na repartición de responsabilidades e tarefas, rexeitando a división do traballo e de funcións por razón de sexo, xénero ...
- Colaborar na construción e no desenvolvemento dunha sociedade e dunhas relacións interpersoais baseadas no recoñecemento e respecto da individualidade, da singularidade e dos dereitos de toda persoa.
- Adoptar medidas para eliminar o uso sexista e heterosexista da linguaxe e promover unha imaxe pública e privada de mulleres e homes baseada na igualdade e no respecto á diversidade .
- Fomentar a corresponsabilidade coa repartición equilibrada de cargos e tarefas.
- Implicar aos pais e nais nas tarefas coeducativas e no respecto á diversidade.
- Sensibilizar ao profesorado na práctica de valores coeducativos e no respecto á diversidade no ámbito de igualdade.
- Desenvolver e traballar un novo modelo de masculinidade co alumnado.
- Concienciar á comunidade educativa no uso da linguaxe non sexista nin heterosexista que presupón a heterosexualidade e o xénero, para que todas as persoas se sintan recoñecidas de forma positiva. Incorporar unha concepción de familia ampla e diversa, en consonancia coa rica diversidade de estruturas familiares presentes no centro educativo (familias homoparentais o lesboparentais, familias monoparentais, adoptivas, multiétnicas, multirraciais, transnacionais ou calquera outra das moitas formas de familia que están presentes na nosa contorna).
- Introducir de maneira expresa a educación na diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar e a loita contra o sexismo e a homofobia nos documentos oficiais de centro, empezando polo Proxecto Educativo, o Plan de Convivencia, o Regulamento de Réxime Interno e o Plan de Acción Tutorial.
- Integrar o principio de igualdade de oportunidades entre todos os colectivos na nosa práctica docente.





- Establecer os mecanismos para que todo o persoal do centro trate ao alumnado «trans-» conforme ao nome e ao xénero elixidos, sen cuestionar ou negar a súa identidade nin en público nin en privado. Non é responsabilidade do alumnado ter que comunicalo a cada un dos seus docentes ou ao persoal non docente, senón que é o centro o que debe asumir esta tarefa.
- Asegurar que o alumnado «trans-» poida facer uso das instalacións do centro, incluídos vestiarios e baños, conforme ao xénero elixido.
- Educar en igualdade afastándonos de estereotipos, prexuizos e discriminacións.
- Velar porque o noso centro educativo transmita una imaxe igualitaria en tódolos sentidos.
- Actuar en caso de sospeita ou certeza de calquera tipo de discriminación seguindo os protocolos establecidos pola Consellería de Educación para tal fin.
- Fomentar a corresponsabilidade no ámbito doméstico.
- Fomentar a reflexión sobre o papel de todas as persoas nunha contorna igualitaria.
- Previr, sensibilizar e actuar ante situación e actitudes de acoso.
- Facilitar material e información a todo aquel que o precise sobre dito ámbito.
- Sensibilizar sobre a importancia do uso dunha linguaxe non sexista.
- Fomentar a linguaxe inclusiva nas relación interpersoais.
- Visibilizar en todos os ámbitos académicos as achegas das mulleres e outros colectivos ao desenvolvemento da humanidade.
- Reflexionar sobre os roles de xénero etc, nas posibilidades de desenvolvemento profesional, persoal...
- Asegurar a repartición equitativa para o uso e goce de espazos comúns.
- Traballar na prevención e actuar en situación de violencia.
- Fomentar formas de vivir baseadas no respecto, o diálogo e a necesidade de coidarnos unas persoas a outras.
- Revisión e modificación de documentos oficiais do centro en materia de igualdade (linguaxe inclusiva...)
- Colaborar coa ANPA



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

**I.E.S. 12 DE OUTUBRO**

Av. de Santiago, 2  
32001 Ourense  
Teléfono: 988788211  
ies.12.outubro@edu.xunta.es



FONDO SOCIAL EUROPEO  
"El FSE invierte en tu futuro"

- Difundir o noso Plan de Igualdade
  
- Celebración das Efemérides
  
- Dinamizar os recreos mediante propostas por parte do profesorado.
  
- Revisión e modificación das comunicación coas familias utilizando linguaxe inclusiva.
  
- Exportar os valores de igualdade e de respecto pola diversidade á contorna social do instituto.
  
- Garantir que os espazos escolares non segreguen por razón de xénero, identidade sexual ou calquera outra forma de discriminación.
  
- Facilitar ao profesorado ó acceso a formación e material alternativo acerca da igualdade ou criterios coeducativos.
  
- Proveer material teórico e práctico en igualdade para a consulta de toda a comunidade educativa: persoal, alumnos/as e familias.
  
- Sensibilizar a toda a comunidade educativa sobre as desigualdades sociais e ao que esto nos leva.
  
- Difundir na web do centro todas aquelas actividades que se leven a cabo no centro en materia de igualdade. Dar visibilidade
  
- Implicar as administración locais para que os establecementos públicos da nosa contorna dispoñan de espazos que no segreguen e que garantan a intimidade persoal.
  
- Fomentar as actividades e xornadas de intercambio de experiencias con outros centros.



## **4.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS**

### **A) ALUMNADO:**

- Estimular á reflexión do noso alumnado sobre o prexuízo e a inxustiza que supón tanto para os homes como para as mulleres a asignación de roles por condicións de sexo.
- Favorecer e promover o respecto á libre orientación afectivo-sexual e a identidade de xénero.
- Fomentar unha actitude activa de rexeitamento a todo tipo de acoso sexista e homofóbico, de non participación en situacións de acoso, de apoio e defensa das persoas violentadas e de comunicación a calquera membro do persoal docente, ao seu titor ou titora, ao Departamento de Orientación ou ao Equipo directivo de situacións de violencia verbal o física, agresión sexual, acoso escolar homofóbico ou accións de odio.
- Propiciar a reflexión sobre as situacións estereotipadas e discriminatorias que son manifestas nos medios de comunicación, especialmente na televisión e nas publicacións escritas orientadas cara as mozas e os mozos.
- Estudar o perfil laboral de varias profesións, sobre todo, das ofertadas polo centro educativo, e reflexionar sobre a posibilidade de que calquera persoa poida desempeñar con total normalidade os traballos con independencia do seu sexo ou xénero.
- Reflexionar sobre as condutas que levadas a cabo diariamente no centro nas que se violenta este dereito fundamental.
- Aceptar valores e actitudes de igualdade ante a vida dende o respecto, o recoñecemento mutuo, a autonomía e a corresponsabilidade.
- Coñocer a realidade do centro, o tipo de alumnado e dos profesionais que nel traballan e facer unha valoración en canto a tema de igualdade do mundo que nos rodea no contexto educativo.
- Valorar a formación en materia de igualdade así como mostrar interese polo mesmo facendo aportacións persoais sempre que se queira.



**B) PROFESORADO:**

- Establecer unhas pautas de actuación comúns que supoñan un apoio á igualdade de xénero e a promover un centro coeducativo e respectuoso coa diversidade.
- Reflexionar sobre a nosa práctica e os nosos prexuízos, mitos ou falsas crenzas baseadas no sexismo e na homofobia, presentes na nosa propia educación, que poidan influír no noso alumnado, e que poidan ser modificadas.
- Eliminar a presunción de heterosexualidade e de xénero das persoas que compoñen a comunidade educativa e das familias.
- Contribuír a facer do noso lugar de traballo un espazo seguro para as persoas LGBTI, alumnado NEAE ... visibilizando o rexeitamento de toda discriminación por calqueira motivo.
- Responder inmediatamente aos comentarios, chistes e burlas sexistas ou homófobas feitas polo alumnado ou polo persoal do centro, estean dirixidos ou non a mulleres ou a persoas LGBTI, ACNEAE presentes. O silencio e a pasividade reforzan os comportamentos e actitudes de acoso sexista, homófobico e transfóbico.
- Fomentar a participación e a paridade na composición equilibrada dos órganos de representación e decisión.
- Concienciar acerca da diversidade do alumnado do centro, fomentando o respecto entre todo o alumnado especialmente hacia aqueles alumnos que temos no centro que presentan NEAE.
- Potenciar a escoita, visionado de material relacionado coa igualdade, xa sexa no centro escolar como na casa.
- Estimular o gusto polos debates ou as conversas nas que se traten temas de igualdade, xerar necesidade de que sexa tratado o tema de igualdade en tódolos ámbitos.
- Manter unha formación o máis actualizada posible sobre temas de igualdade, en constante renovación e para dar resposta as diferentes situación que vaian surxindo (a través de FPROFE, PLATEGA...)
- Coordinar coas familias (ANPA) calquera actividade na que estean dispostos a participar, como por exemplo un "Taller para pais" sobre Educación en Igualdade e facelos partícipes do mesmo así como de outras actividades.



### **C) FAMILIAS:**

- Reflexionar coas súas fillas e fillos sobre a importancia de establecer a igualdade de sexo e de xénero e da liberdade na elección da identidade de xénero e da libre orientación afectivo-sexual.
  
- Repartir de forma xusta e equilibrada as tarefas domesticas entre os diferentes membros da familia.
  
- Permitir que as fillas e os fillos teñan as afeccións que desexen e escollan os traballos que lles gusten.
  
- Asimilar os perfís profesionais de distintas profesións e axudar a orientar ás súas fillas e fillos independentemente do sexo.
  
- Fomentar a participación e paridade na composición equilibrada dos órganos de representación e decisión.
  
- Paticipar coa ANPA na formación dun "Taller para pais" no que se traten contidos relacionados coa Educación en Igualdade.
  
- Fomentar a participación pola nosa parte e dos nosos fillas e fillos nas diferentes actividades que se van a levar a cabo no centro sobre materia de igualdade.
  
- Colaborar co profesorado do centro en aquelas actividades que propoñamos ou ideando aquelas que nos resulten necesarias ou interesantes.
  
- Crear interese nos fogares acerca da igualdade en tódolos aspectos, tratando de que sexa importante para os nosos fillos e fillas. Non negándonos á comunicación con eles ante determinados temas.
  
- Coordinar co centro diferentes formacións que sexan útiles para todos e para seguir unha liña común de tratamento das desigualdades.
  
- Difundir informacións sobre igualdade e celebrar as actividades que se levan a cabo no centro.



## 5. MEDIDAS DE ACTUACIÓN

A continuación detállanse as accións que se levarán a cabo segundo os diferentes ámbitos de actuación:

### 5. 1. ACTIVIDADES DE DIAGNÓSTICO:

- Realizaremos un breve diagnóstico do centro e das familias para coñecer o grao de sexismo e coñecementos en materia de igualdade presentes no centro escolar e introducir cambios que promovan unha maior igualdade entre homes e mulleres. As liñas de análise poden ser as seguintes, tendo en conta a relación de porcentaxe de:

- Alumnas/os en Bacharelato
- Alumnas/os en Ciclos Formativos
- Delegados/as de clase
- Profesoras/es
- Xefas/es de departamento
- Titoras/es
- Persoal da limpeza homes/mulleres
- Equipo directivo homes/mulleres
- Consello Escolar homes/mulleres

- Detectar posibles situacións de violencia de xénero que poidan darse dentro da comunidade educativa, utilizando unha serie de indicadores tales como: indicadores para detectar ao alumnado que é vítima ou acosadora no recinto escolar por razón de xénero; farase extensivo ao persoal docente e non docente e ás familias.

- Realizar un diagnóstico, como punto de partida a través de 3 tipos de enquisas (diagnósticas) en función aos 3 niveis: enquisa a **nivel centro** (para coñecer aqueles aspectos nos que se cumpren ou non medidas de igualdade), enquisa **para os alumnos** ( facilitada polo Ministerio de Igualdade a través do proxecto PLURAI) e unha última enquisa **para as familias** (elaborada polo propio centro para conocer a realidade nos fogares das nosas alumnas e alumnos); utilizando unha serie de indicadores observables e contrastables, que facilite o coñecemento das experiencias e percepcións da diversidade sexual, familiar e de identidade de xénero e da contorna de convivencia do centro por parte do profesorado, do alumnado e as familias. Esta actividade de diagnóstico levarase a cabo no último trimestre do curso 2020-2021 coa finalidade de que sexa o punto do que partir no vindeiro curso escolar (2021-2022).

- Analizar un apartado específico sobre atención á diversidade afectivo- sexual, de xénero, familiar e de loita contra a homofobia e a transfobia nos documentos oficiais



do centro, isto é, no Proxecto Educativo, no Plan de Convivencia, no Regulamento de Réxime Interno e no Plan de Acción Titorial, con medidas para a sensibilización, prevención, detección e eliminación de toda manifestación de discriminación, dirixidas á toda a comunidade educativa.

- Analizar o Protocolo de acoso escolar e ciberacoso así como o Protocolo de identidade de xénero e traballar sobre o mesmo.

- Detectar posibles situacións de homofobia e transfobia que poidan darse dentro da comunidade educativa, utilizando unha serie de indicadores tales como: indicadores para detectar ao alumnado que é vítima ou acosadora no recinto escolar por homofobia e transfobia; farase extensivo ao persoal docente e non docente e ás familias.

- Determinar se todo o persoal docente e de orientación sabe cómo previr e actuar ante situación de acoso escolar de calquera tipo.

- Analizar se existen docentes, familias ou alumnado LGBTI que se fagan visibles como tales no centro (xa temos coñecemento previo dalgún caso particular)

- Analizar se os carteis e imaxes colgados nos corredores o taboleiros das aulas así como os materiais didácticos que se utilizan no centro mostran a diversidade étnica, corporal, relixiosa, afectivo-sexual e de expresión de xénero.

- Analizar se o equipo directivo, o claustro e o Consello Escolar fomentan a relación entre o centro e persoas expertas ou organizacións LGBTI, por exemplo, celebrando actividades específicas (xornadas, sesións de titoría, talleres, charlas...) xunto a elas.

- Analizar materias no currículo con contidos relacionados co acoso escolar por homofobia e transfobia, coa discriminación de ACNEAE e calquera outro tipo de discriminación anteriormente citada.

- Analizar se existe documentación e materiais de libre acceso de temas de diversidade de orientación afectivo-sexual, de identidade de xénero ademais do que x atemos constancia que existe na biblioteca do centro.

- Comprobar se o resultado das enquisas é verdadeiro na medida do posible para tratar de partir dunha realidade o máis axustada posible ao momento no que estamos a vivir (non serve que se valore nas enquisas o que na teoría sabemos que se debe ou non facer, senón se é así como actuamos en realidade).



## **5. 2. ADOPCIÓN DE MEDIDAS:**

Realizado un diagnóstico previo, adoptáranse medidas encamiñadas a favorecer a igualdade e a non discriminación por diversidade.

Estas medidas, en función do diagnóstico previo, poderían ir na seguinte liña:

### **MEDIDAS ORGANIZATIVAS DE CENTRO:**

- Establecer medidas de igualdade e de atención a diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar nos documentos de organización do centro: Proxecto Educativo do Centro, Regulamento de Réxime Interno, Plan de Convivencia e Plan de Acción Tutorial.
- Implantar a paridade na elección a delegados/as do alumnado, mediante a figura do codelegado e da codelegada.
- Intentar lograr a paridade nos órganos de dirección do centro e nas xefaturas dos departamentos didácticos.
- Posuír un taboleiro que recolla información de interese sobre a igualdade de xénero e a diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar
- Favorecer un uso da linguaxe non sexista nin heterosexista:
  - \* Usar a linguaxe inclusiva no centro e na aula, na medida do posible.
  - \* Revisaranse e modificaranse, se procede, todos os documentos do centro, para incorporar unha linguaxe non sexista nin que presupoña a heterosexualidade da comunidade educativa nin das familias.
  - \* Revisión da linguaxe utilizada na aula e o que aparece nos libros, eliminando, o sexismo e a LGBTIfobia onde os haxa.
- Elaborar un protocolo de intervención en caso de acoso escolar por homofobia e transfobia entre o alumnado.
- Fomentar a presenza de referentes positivos de diversidade afectivo-sexual, familiar e de xénero no centro educativo, apoiando a visibilidade da comunidade LGBTI se o considera pertinente e poida así converterse nun referente próximo para toda a comunidade educativa.





### **MEDIDAS DE CONCIENCIACIÓN:**

- Facilitar material de apoio e de recursos didácticos para que os/as titores/as e profesores/as poidan traballar a igualdade e a diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar na aula.
- Promover a libre elección dos estudos sen que exista ningún condicionante de sexo ou xénero ao hora elixir as ensinanzas, sobre todo as de carácter profesional, que son as máis sesgadas polo sexo ou xénero.
- Incrementar a biblioteca do centro con títulos, filmes e outro material coeducativo e relativo á diversidade en todos os ámbitos.
- Organización de obradoiros, charlas e actividades relacionadas coa igualdade de xénero e contra a violencia sexista.
- Organización de obradoiros, charlas e actividades relacionadas coa LGBTIfobia coa Asociación Quérote + de Ourense.
- Organizar a celebración da Semana da Diversidade con diferentes actividades formuladas polo Comité Escolar da Diversidade.

### **5.3 ACTIVIDADES PARA A IGUALDADE**

Unha vez realizadas as enquisas e feita a valoración das mesmas, aproveitarase o final do curso 2020-2021 para impartir alguna charla acerca da igualdade nos centros educativos e tamén na sociedade actual; para ditas charlas, ademais de contar coa colaboración de profesorado, pediremos a colaboración de institucións e asociacións como a Consellería de Igualdade ou ARELAS, sempre seguindo as indicacións oportunas en temas de espazo e grupos dada a situación actual de pandemia.

A partir de entón, o punto de partida do noso Plan de Igualdade centrarase (tendo en conta os resultados das enquisas do curso escolar 2020-2021) na realización de distintas actividades levadas a cabo nas aulas tanto da ESO, como de FP como de Bacharelato que parten dun CALENDARIO DE IGUALDADE (que estará exposto en todas as aulas e espazos do centro) propio e especialmente elaborado para levar a cabo ditas actividades, temporalizadas nunha sesión semanal, previamente preparado material e unidade didáctica correspondente, a través dun banco de recursos especialmente creado para levar a cabo dito plan e en función das datas relevantes semanais que nos vai indicando o calendario.



Dito material debe ser considerado polo profesor de área/áreas ao que lle corresponda ou polos distintos departamentos (segundo o calendario de sesións que presentará a Xefatura de Estudos ao inicio de cada curso escolar) que poderá ser modificado ou adaptado á súa materia/s sempre que se considere oportuno.

De maneira que cada semana se traballará una temática determinada polo CALENDARIO DE IGUALDADE, mediante a actividade que mellor se adapte ao tratamento da mesma e en función da fecha destacada para tal fin.

Dentro das diferentes actividades propostas nos encontramos con actividades de todo tipo, visionado de cortometraxes, películas e vídeos de concienciación social acerca de temas de igualdade, escoita de programas radiofónicos nos que se fan entrevistas a persoas que sufren acoso ou discriminación por pertencer a determinado colectivo, por ser diferentes á maioría así como debates acerca do uso das tecnoloxías no que respecta a iste tema. Así como reflexións do que transmiten a través do medios de comunicación, cómo a cosificación da figura da muller en determinadas facetas, como a musical, por exemplo.

A utilización por parte do alumnado e do profesorado da APP Olimpia. Dita APP é de uso a través de dispositivos móbiles que pode fomentar o seu interese por utilizala e motivar ao alumnado en maior medida. Esta aplicación é de uso educativo, xa creada para tal fin (por parte da Xunta de Andalucía) e con contidos relacionados co xénero, a igualdade, coñecemento da sexualidade... para os grupos de maior rango de idade (3º,4º ESO e Bacharelato).

Xogos estilo "Pasapalabra" onde previamente se recoñecen a mulleres importantes da historia que logo deberemos ubicar por nome o apelido nun rosco alfabético. Propomos que moitas das actividades que se leven a cabo teñan un componente de concurso, tratando de estimular a participación por parte do alumnado, de maneira que ao final do curso sexa premiados aqueles alumnos que tiveran mellores resultados ante as diferentes actividades levadas a cabo.

Propostas para Coeducación, Wikimulleres, Creadoras de música, Ted Talks, BBVA charlas sobre igualdade, discriminación, concienciación social...

Lecturas, charlas de pais/nais que queren colaborar, ponencias por parte de institucións ou asociacións...

Como actividade complementaria, contamos coa colaboración dunha profesora (que fóra destas sesións semanais) vai a levar a cabo, como xa fixo con éxito en anteriores ocasións, unhas ponencias sobre: *Prevención do embarazo* e *Enfermidades de transmisión sexual* para alumnado da FP Básica, 3º e 4º da ESO e 1º de Bacharelato. Trataríase dunha única xornada



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

**I.E.S. 12 DE OUTUBRO**

Av. de Santiago, 2  
32001 Ourense  
Teléfono: 988788211  
ies.12.outubro@edu.xunta.es



FONDO SOCIAL EUROPEO  
"El FSE invierte en tu futuro"

por aula de cada uns dos grupos citados anteriormente.

Todas as actividades van acompañadas da súa propia guía didáctica onde se reflicten os obxectivos, contidos, ideas forza, actividades a realizar polos alumnos/as da etapa correspondente e a temporalización das mesmas.

Tanto as *Actividades* como o *Calendario de Igualdade* estarán recollidos nos **Anexos** de dito Plan.

## 6. METODOLOXÍA

Teranse en conta os seguintes principios:

- Partir da realidade do centro. É importante ter en conta a realidade que envolve ao centro, coñecendo o contexto social que envolve ao alumnado.
- Participación. A coeducación e o respecto pola diversidade non é tarefa dunha soa persoa senón de moitas e é necesario que exista unión entre toda a comunidade educativa (destacamos a importancia de implicar ás familias neste senso, x que consideramos de vital importancia que formen parte deste proceso)
- Partir de situacións compartidas. Traballar en coordinación con asociacións, institutos da contorna, etc.
- Gozar. Non queremos que a coeducación e o respecto pola diversidade sexa unha área a parte, senón que sexa un valor implícito nas distintas materias impartidas.
- **Respectar.** O diálogo será a base do respecto.
- Traballar en equipo. Un dos elementos fundamentais que inciden na eficacia da intervención coeducativa o de respecto pola diversidade é o que se deriva da coherencia entre propostas do profesorado e os comportamentos cotiáns.
- Enfocar todas as actividades a realizar como parte dun concurso. De maneira que o alumnado se sinta motivado. Premiar ao final do curso escolar a aqueles alumnos que maior puntuacións obtiveran na realización das actividades. A maiores, favorecer que todo aquel alumnado que estea interesado en propoñer alguna actividade ou facer algún tipo de presentación sobre un tema concreto para o resto de compañeiros, tamén sexa premiado neste senso.

Difícilmente se pode transmitir ao alumnado unha visión integradora se non traballamos en equipo coordinados.



- Revisar o traballo. Realizarase revisións periódicas do Plan de Igualdade, así como do noso traballo.

## **7. TEMPORALIZACIÓN**

Aínda que no presente curso escolar 2020-2021 se levará a cabo a primeira toma de contacto neste senso ( a través das enquisas diagnósticas e charlas), non será ata o curso vindeiro (2021-2022) cando se empezará a levar a cabo de maneira íntegra dito Plan.

Como xa avanzamos ao achegar as actividades, o Plan de Igualdade será levado a cabo durante todo o curso escolar, a través dun Calendario de Igualdade que será o que marque as pautas de actuación.

Así, nunha sesión por semana (50 min/semana) se traballarán contidos relacionados con dito tema do banco de recursos facilitado para tal fin. A sesión será impartida polo profesor/a ao que lle toque cada semana según os horarios que facilitará a Xefatura de Estudos nos primeiros días do curso (de maneira que non sexan sempre os mesmos) e que será de obrigado cumprimento.

## **8. CRITERIOS E MECANISMOS DE AVALIACIÓN**

A avaliación se pode levar a cabo cada curso escolar por parte da Comisión de Igualdade ou pola Coordinación de Igualdade coas achegas de toda a Comunidade Educativa e terá carácter continuo e avaliaremos se os obxectivos propostos en cada actividade se conseguiron ou non. Así mesmo, tamén contaremos cunha avaliación final.

Avaliarase a participación activa de toda a comunidade educativa.

Elaboraremos unha memoria final, onde se recollerán o grao de adquisición das finalidades e obxectivos marcados.

Así mesmo avaliarase a coordinación entre o profesorado, o grao de participación de axentes externos (asociacións, familias...), a consecución de obxectivos, os materiais empregados, a actitude do alumnado, a implicación do claustro en materia de Igualdade...

Os instrumentos empregados serán: a observación, as enquisas iniciais, actividades propostas, os cuestionarios finais de cada actividade coa fin de valorar o grao de consecución, etc.



## **9. RECURSOS**

Utilizaremos todos os recursos que estean das nosas mans. En primeiro lugar, recursos humanos: titores/as, equipo docente, Departamento de Orientación, representantes do Consello Escolar, alumnado, axentes externos, asociación, Administración, familias, etc.

En segundo lugar, recursos materiais. O Equipo tratará de autofinanciarse a través dos Contratos Programa, do Plan Proxecta, e de novos plans que poidan xurdir na Consellería de Educación e outras institucións educativas, fundacións, etc. Tratarase de apoiar e informar acerca de todas as actividades formativas que se leven a cabo para o profesorado a través de PLATEGA, FPROFE...así como, facilitar información en materia de igualdade sobre todo aquilo do que o centro sexa coñecedor (charlas de asociación, ponencias da Consellería de Igualdade...)

Ademais, procurarase realizar material propio, camisetas, crachas...etc, co obxectivo de conseguir financiamento e, ao mesmo tempo, visibilizar o traballo pola igualdade e a diversidade realizado. Alén do económico, utilizarase material funxible, e o necesario para a realización de vídeos, produción musical ou lecturas.

Utilizaremos a APP Olimpia (anteriormente mencionada) naqueles momentos que se estimen oportunos, ademais do uso de ordenadores, pantallas dixitais para o visionado ou escoita de curtas, vídeos, Podcasts, etc.

## **10. ANEXOS**